

Pontevedra garda nas súas rúas, prazas e edificios un legado histórico e artístico como poucas cidades no mundo poden presumir. Porén, non toda esta herdanza monumental de séculos pode ser visitada durante o ano.

A Semana do Patrimonio Invisible é un **ciclo programado pola Área de dinamización social e cultural do Concello de Pontevedra** que abre as portas de tesouros, habitualmente fechados, e deseña unhas visitas guiadas de pequenos grupos para que os seus usuarios garden na memoria unha experiencia cultural única.

Queremos garantir o acceso á actividade ao maior número de persoas, polo que **cada solicitante poderá reservar un máximo de tres visitas para dúas persoas.**

As visitas guiadas que realizamos na **Semana do Patrimonio Invisible** baséanse en dúas premisas: a calidade do discurso narrativo e a protección dos bens culturais que visitamos. Por este motivo as prazas para cada quenda de visitas son limitadas, e o proceso de reserva **precisa da confirmación mediante correo electrónico** por parte da organización a cada visitante.



Concello de Pontevedra

SEMANA DO PATRIMONIO INVISIBLE

Para facer as reservas é preciso entrar na páxina web oficial www.patrimonioinvisible.gal e completar o formulario de reservas.


Máis información:
reservas@patrimonioinvisible.gal



Reserva a túa praza!



11 12 13 14 / xullo / 2024
IV edición




11 xoves

- 11 h San Bartolomeu
- 12 h Xardíns de Lourizán
- 13 h Parador
- 18 h Pazo de Gandarón
- 19 h Teatro Principal



12 venres

- 11 h San Bartolomeu
- 12 h Xardíns de Lourizán
- 13 h Parador
- 18 h Xardíns de Lourizán
- 19 h San Bartolomeu
- 20 h Teatro Principal



13 sábado

- 11 h San Bartolomeu
- 12 h Pazo de Gandarón
- 13 h Parador
- 18 h Pazo de Gandarón
- 19 h San Salvador de Lérez
- 20 h Teatro Principal



14 domingo

- 11 h Pazo de Gandarón
- 12 h Parador
- 13 h San Salvador de Lérez
- 18 h San Salvador de Lérez
- 19 h Teatro Principal



Pazo de Gandarón

A finais do século XVIII o arcebispo Sebastián Malvar comezou a construír na parroquia de Salcedo a súa residencia familiar. A importancia arquitectónica do pazo súmaselle a do seu xardín. Dende 1928, o Pazo de Gandarón, é sede da Misión Biolóxica de Galicia, entidade vinculada ao CSIC, na que se realizan labores de investigación e estudos agrícolas e forestais.

San Bartolomeu

Antes de ser parroquia, esta era a igrexa do Colexio da Compañía de Xesús, que hoxe forma parte do Museo de Pontevedra. Un templo de espírito italiano, ao xeito da do "Gesú" de Roma, que conserva un importante legado artístico. Algunhas pezas non están expostas, pero poderemos velas nesta visita especial.

Xardíns de Lourizán

Os xardíns de Lourizán, que ocupan unha superficie de 52 hectáreas, conteñen especies dos cinco continentes e foron plantadas ao longo de máis de 130 anos. A contorna do que foi pazo de Montero Ríos está salpicada de pequenas xoias como un pombal, un hórreo, estanques, fontes e escaleiras. De entre todos estes elementos destaca a gran estufa de ferro e cristal.

San Salvador de Lérez

Sen dúbida, trátase dun dos santuarios de máis sonda de toda Galicia. Historia, tradición e devoción mestúranse neste edificio, cuxa fundación remóntase ao século X, momento da fundación do mosteiro. Xa no ano 1661 créase o Colexio de Artes no que estudaron perseiros tan importantes como Frei Benito Jerónimo Feijóo e Frei Martín Sarmiento. A igrexa actual de estilos barroco e neoclásico, acolle a figura venerada na famosa romaría do San Bieito.

Parador

A Casa do Barón acolle o primeiro Parador impulsado en Galicia. Foi residencia dos Condes de Maceda na cidade, e leva as súas orixes ao século XVI. Antes de ser hotel, deulle tempo a ser moitas outras cousas: depósito de sal, parque de bomberos, orfanato, escola e oficina de correos. Preparado/a para coñecer as aventuras vividas neste pazo?

Teatro Principal

Sabías que Pontevedra foi unha das primeiras cidades en proxectar cinema? O Teatro Principal foi emblema da modernidade, deseñado por Faustino Flores, rematado en 1878 e que só se podía utilizar por parte dos socios do Liceo. Aínda que hoxe é visitable cando hai programación cultural, na SPI poderás acceder a lugares reservados e descoñecidos para o público.

MAPA:

